

Prezado alumnado do IES Terra de Xallas:

Como cada dous anos, van ter lugar as **eleccións** para representantes dos distintos sectores no **Consello Escolar**. Estas eleccións son moi importantes, dado que o Consello Escolar é o órgano de **participación no goberno** do centro dos diferentes membros da comunidade educativa, tamén do alumnado.

O Consello Escolar do IES Terra do Xallas **está composto** por:

- O/A director/A do centro, que será o/a presidente/a do consello.
- Os/As xefes/as de estudos.
- A secretaria (con voz e sen voto).
- Un/Unha representante do persoal de administración e servizos.
- Un/Unha representante do concello.
- Un/Unha representante dos empresarios (con voz e sen voto)
- 7 representantes do profesorado.
- **4 representantes do alumnado** (nesta ocasión elíxense a 2)
- 3 nais, pais ou titores legais (un deles designado pola ANPA).

No Consello Escolar tómanse decisións moi relevantes para a vida do centro, por exemplo:

- Avaliar o **proxecto educativo**, o proxecto de xestión, as normas de funcionamento e a programación xeral anual.
- Participar na **elección do director/a** do centro.
- Propoñer medidas que favorezan a **convivencia** no centro, e velar porque a **resolución dos conflitos** se axuste á normativa vixente.
- Analizar e valorar o **funcionamento** xeral do centro.
- Fixar directrices para colaborar coas administracións locais e con outros centros e organismos.
- Promover a **conservación e renovación das instalacións** e o equipamento escolar.

### Instrucións para participar nas eleccións:

- **Pode votar** todo o alumnado.
- **Son elixibles** todos os alumnos e alumnas, para o cal cómpre que se presenten como candidatos/as.
- Tanto para votar como para presentar a candidatura é preciso estar inscrito no **censo electoral**, exposto no taboleiro do instituto (pódense presentar reclamacións na secretaría do instituto no prazo fixado).
- Nesta ocasión **elíxense a 2 representantes do alumnado**.
- O voto será **secreto, directo e non delegable**, igual que sucede, por exemplo, nas eleccións municipais ou autonómicas.
- Para votar, cómpre acudir ao centro e **identificarse mediante o DNI** ou outro documento equivalente.
- Só se pode votar por un candidato, calquera outra opción anulará o voto.

## Datas e prazos das eleccións:

Do 30 de outubro ao 6 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Publicación provisional dos <b>censos</b> dos sectores educativos citados.</li> </ul>																
Do 31 de outubro ao 6 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Prazo de presentacións de <b>reclamacións ao censo</b>, que rematará o 11 de novembro ás 00:00 h. Presentaranse na secretaría do centro dirixidas á Xunta Electoral ou a través do correo <a href="mailto:ies.terra.xallas@edu.xunta.gal">ies.terra.xallas@edu.xunta.gal</a></li> </ul>																
Do 1 ao 8 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Prazo de <b>presentación de candidaturas</b>. Presentaranse por escrito na secretaría do centro ou no correo <a href="mailto:ies.terra.xallas@edu.xunta.gal">ies.terra.xallas@edu.xunta.gal</a> (utilizar modelo descargado da web do centro: <a href="https://www.edu.xunta.gal/centros/iesterraxallas/">https://www.edu.xunta.gal/centros/iesterraxallas/</a>)</li> </ul>																
11 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de <b>reclamacións</b>, que é de 2 días naturais.</li> <li>Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.</li> <li>Sorteo público da designación dos <b>membros das mesas electorais</b>.</li> </ul>																
Do 14 ao 19 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>Campaña electoral</b> nos diferentes sectores.</li> </ul>																
<b>Xoves 21 de novembro</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Realización das <b>VOTACIÓNS</b>:                     <table style="margin-left: 20px;"> <tr> <td>09:00 – 09:20</td> <td>1º ESO</td> </tr> <tr> <td>09:20 – 09:40</td> <td>2º ESO</td> </tr> <tr> <td>09:40 – 10:00</td> <td>3º ESO</td> </tr> <tr> <td>10:00 – 10:30</td> <td>4º ESO e 1º de Bac</td> </tr> <tr> <td>10:50 – 11:10</td> <td>2º de Bac</td> </tr> <tr> <td>11:10 – 11:40</td> <td>1º e 2º de FP Básica</td> </tr> <tr> <td>11:40 – 12:00</td> <td>Ciclos formativos (medio e superior)</td> </tr> <tr> <td>12:05</td> <td>RECONTO DOS VOTOS</td> </tr> </table> </li> </ul>	09:00 – 09:20	1º ESO	09:20 – 09:40	2º ESO	09:40 – 10:00	3º ESO	10:00 – 10:30	4º ESO e 1º de Bac	10:50 – 11:10	2º de Bac	11:10 – 11:40	1º e 2º de FP Básica	11:40 – 12:00	Ciclos formativos (medio e superior)	12:05	RECONTO DOS VOTOS
09:00 – 09:20	1º ESO																
09:20 – 09:40	2º ESO																
09:40 – 10:00	3º ESO																
10:00 – 10:30	4º ESO e 1º de Bac																
10:50 – 11:10	2º de Bac																
11:10 – 11:40	1º e 2º de FP Básica																
11:40 – 12:00	Ciclos formativos (medio e superior)																
12:05	RECONTO DOS VOTOS																
Luns 25 de novembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proclamación de candidatos/as electos.</li> </ul>																

Paloma Fernández García - Borregón  
 Presidenta da Xunta Electoral